

**ACTA DO ENCONTRO DE TRABALLO DOS ALCALDES E ALCALDESA
DOS CONCELLOS DO ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

DATA: 7 de xaneiro de 2016.

Lugar: Concello da Coruña.

Hora: 12.15 h.

NOME E CARGO DO / DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE LOCAL	ENTIDADE
Xulio Ferreiro Baamonde. Alcalde Claudia Delso Carreira. Concelleira de Participación e Innovación Democrática Iago Martínez Durán. Xefe de Gabinete da Alcaldía	Concello da Coruña
Julio Sacristán de Diego. Alcalde	Concello de Culleredo
Juan González Leirós. Concelleiro de Urbanismo	Concello de Cambre
Carlos Calvelo Martínez. Alcalde	Concello de Arteixo
Alejandra Pérez Márquez. Alcaldesa	Concello de Bergondo Vicepresidenta do Consorcio das Mariñas
Óscar Benito Portela Fernández. Alcalde Francisco Montouto. Concelleiro de Urbanismo	Concello de Sada
Ángel García Seoane. Alcalde	Concello de Oleiros
José Luis Fernández Mouriño. Alcalde	Concello de Carral
Adrián Márquez Caramés. Secretario HN	Concello de Abegondo Consorcio das Mariñas



ORDE DO DÍA:

- 1. Estratexias de DUSI: EIDUS–Coruña e Estratexias do Consorcio / Mancomunidade/ Concellos do Área Metropolitana. Ámbitos de cooperación e complementariedade. Valoración de apoios recíprocos.**
- 2. Ámbitos estratéxicos de especial interese:**
 - ✓ **Recuperación ambiental e da biodiversidade da Ría do Burgo.**
 - ✓ **Coordinación de actuacións de políticas de desenvolvemento territorial: coordinación no planeamento urbanístico e nos servizos de transporte e mobilidade.**
 - ✓ **Xestión de servizos : un enfoque metropolitano**
 - ✓ **Estratexia de Innovación da Coruña Metropolitana.**
- 3. Conformación de mesas de traballo vencelladas a ámbitos estratéxicos de especial interese e dun instrumento de coordinación da estratexia e do desenvolvemento metropolitano.**
- 4. Rogos e Preguntas.**

DESENVOLVEMENTO DO ENCONTRO DE TRABALLO:

- 1. Estratexias de DUSI: EIDUS–Coruña e Estratexias do Consorcio / Mancomunidade/ Concellos do Área Metropolitana. Ámbitos de cooperación e complementariedade. Valoración de apoios recíprocos.**

O Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, presentou e explicou os contidos do documento “Resumo Executivo da Estratexia EIDUS-Coruña” que contén: dimensións estratéxicas, atributos, DAFO, obxectivos estratéxicos , proxectos e senda financeira básica.

A Alcaldesa de Bergondo, como vicepresidenta do Consorcio das Mariñas e Presidenta en funcións, salientou que dentro do Plan EIDUS do que se dispón no Consorcio, xa existía un alto grao de acordo respecto das liñas estratéxicas. Manifesta que restaban por definir accións

concretas. As presentadas, entendéronse como axeitadas pero pouco oportunas pola natureza do propio ente consorcial. O Consorcio terá que redefinirse, neste aspecto, para que as accións a desenvolver teñan relación co ámbito medioambiental e afecten o conxunto dos Concellos pertencentes ao Consorcio. O Consorcio das Mariñas sinala que previsiblemente traslade a súa candidatura á vindeira convocatoria de Estratexias DUSI.

O Alcalde de Oleiros manifesta que o Concello de Oleiros non presentará candidatura EIDUS propia porque considera que se debe facer o esforzo de planificar conxuntamente accións de desenvolvemento e prestación de servizos en toda a área territorial e non dividir esforzos en proxectos que veñan resolver problemáticas particulares de cada quen. Avoga por fortalecer o conxunto da área metropolitana da Coruña e por adoptar solucións conxuntas acordadas co máximo consenso para favorecer o interese público.

O Alcalde de Culleredo presenta e explica os contidos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible do Concello de Culleredo.

Con posterioridade realizouse una rolda de intervencións na que se procedeu a efectuar unha valoración dos proxectos presentados.

Acádase o acordo de plasmar a formalización dun apoio mutuo que se reflicte na acta da xuntanza:

- a. Vistos os contidos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano EIDUS-Coruña que se atopan na web www.eidus.coruna.es, así como no Resumo Executivo facilitado, o conxunto do representantes dos Concellos da área metropolitana da Coruña manifestan que prestan apoio á candidatura que presenta o Concello da Coruña no marco da convocatoria das “Estratexias de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado en el período 2014-2020”, no convencemento de que se trata dunha iniciativa beneficiosa para o conxunto da cidade da Coruña e da súa área metropolitana; manifestando expresamente o compromiso de todos os concellos de participación activa no citado proxecto.
- b. O Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, manifesta que, vistos os contidos da Estratexia Integrada EIDUS do Concello de Culleredo, presta apoio á candidatura que presente o devandito Concello no marco da convocatoria das “Estratexias de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado en el período 2014-2020”, no convencemento de que se trata dunha iniciativa beneficiosa para o conxunto da cidade da Coruña e da área metropolitana.
- c. O Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, manifesta a vontade do Concello da Coruña de apoiar calquera outra candidatura complementaria que sexa maioritariamente formulada polos Concellos da Área Metropolitana / Consorcio das Mariñas.



2. Ámbitos estratéxicos de especial interese:

- A. Recuperación ambiental e da biodiversidade da Ría do Burgo.
- B. Coordinación de actuacións de políticas de desenvolvemento territorial: coordinación no planeamento urbanístico e nos servizos de transporte e mobilidade.
- C. Xestión de servizos: un enfoque metropolitano
- D. Estratexia de Innovación da Coruña Metropolitana.

A. Recuperación ambiental e da biodiversidade da Ría do Burgo.

Os representantes dos Concellos manifestan un posicionamento e un acordo na liña de que a Ría do Burgo constitúe un patrimonio de interese xeral para a cidadanía dos municipios ribeireños polas múltiples funcións que desempeña: produtiva (marisqueo, turismo, gastronomía, etc.), ecolóxica (humedal de importancia autonómica, en incipiente proceso de rexeneración natural e con presenza dun crecente número de especies, especialmente de aves, que incrementa a súa biodiversidade) e social (uso e disfrute público das áreas ribeireñas para o esparcemento, o deporte ou as actividades didácticas, culturais e divulgativas, entre outras).

Por iso definen unha proposta de **obxectivos de acción mancomunada dos Concellos da área metropolitana que serían, de xeito resumido, os seguintes:**

- Avaliación conxunta e accións a tomar, no seu caso, así como a realización do seguimento en relación co proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da Ría do Burgo, en trámite.
- Promover a rexeneración ecolóxica da ría para recuperar a multifuncionalidade do ecosistema -funcións produtiva, ecolóxica e social- a través da acción coordinada das diversas administracións e colectivos sociais.
- Acompañar o proxecto de dragado dos lodos da ría previsto polo Ministerio de Fomento mediante a creación dun comité científico asesor que teña en conta a multifuncionalidade da ría e as debidas cautelas para a protección medioambiental.
- Mellorar a calidade das augas mediante a erradicación dos puntos de verquido de augas residuais e posterior restauración das zonas deterioradas.

- Avaliar a viabilidade dunha figura de protección (p.ex.: Reserva da Biosfera, Espacio Natural de Interese Local, Humedal Protexido, etc.) que estableza as medidas preventivas necesarias para evitar novos episodios de degradación.
- Favorecer un desenvolvemento urbanístico das ribeiras da ría que harmonice a conservación do patrimonio natural cultural da área.

Para a consecución destes obxectivos plantéxase formalizar a seguinte Proposta de Acción coordinada:

- Optimización do saneamento nos concellos limítrofes: proposta de “verquidos cero” en 2017.
- Posicionamento común en relación co proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da Ría do Burgo, en trámite.
- Establecemento dunha figura de protección da Ría que contemple medidas preventivas de novos episodios de degradación.
- Posta en valor da Ría a través dun plan de conservación e dinamización do conxunto do entorno ribeireño, promovendo o desenvolvemento de actividades produtivas que non comprometan a conservación dos valores naturais e culturais da ría.
- Solicitude conxunta de medios á administración autonómica e estatal para a recuperación e posta en valor da Ría do Burgo, mais alá do previsto dragado.
- Posicionamentos favorables a que tanto os novos desenvolvementos urbanos como os existentes haberán de harmonizar cos valores naturais do borde litoral, entendendo a calidade ambiental da ría como valor preferente.
- Incorporación do plano de transporte metropolitano e recuperación do transporte de proximidade do ferrocarril para o establecemento dunha vía de mobilidade branda que permita a conexión da cidade central coa súa área metropolitana.
- En relación aos proxectos das áreas de espaxemento e os percorridos peonís e ciclables o deseño estará condicionado á especial localización xeográfica na que se insiren. Buscaráanse solucións de baixo impacto que preserven os valores naturais da ría como valor preferente.



B. Coordinación de actuacións de políticas de desenvolvemento territorial: coordinación no planeamento urbanístico e nos servizos de transporte e mobilidade.

Os Alcaldes e Alcaldesa reunidos manifestan que:

- A Área da Coruña ten por diante grandes retos en relación á mobilidade urbana sustentable que pasan por entender a mesma desde a ordenación supramunicipal do territorio e a preservación do medio ambiente de maneira conxunta.
- A Área metropolitana será máis sustentable se todos os plans se canalizan nunha única estratexia na que haberá de determinar as condicións óptimas de circulación que aseguren o equilibrio entre tránsito rodado, peonil e sustentabilidade ambiental.
- Xa se deron pasos na consecución desta estratexia global. Un deles é o proxecto de humanización da Vedra. Fíxose unha aposta decidida pola súa transformación nunha vía urbana de conexión entre barrios, poñendo especial atención na circulación peonil e ciclista, ademais de marcar a prevalencia do transporte colectivo público fronte ao uso indiscriminado do vehículo privado.
- Non podemos deixar pasar a oportunidade de segregar a circulación atendendo ás novas realidades metropolitanas. Así, a posta en servizo de infraestruturas de alta capacidade, como a terceira rolda e o Vial 18, supoñen unha descarga computable da Avenida da Vedra.
- A promoción dos percorridos peonís e ciclables nunha cidade paseable, a intermodalidade e a prevalencia do transporte colectivo público fronte ao uso indiscriminado do vehículo privado serán claves.
- Neste sentido, entendemos que o apoio á nova estación Intermodal (San Cristóbal) e a posta en uso do transporte de proximidade de San Diego, ha de ser preferente. A intermodalidade, ou o uso de máis dun medio de transporte en cada traxecto por parte do usuario será clave á hora de alcanzar un sistema de mobilidade sustentable que reduza as emisións de CO² e sexa un factor de implementación na calidade urbana. Intermodalidade e uso preferente do transporte público a escala metropolitana, de maneira que a conexión co resto de municipios limítrofes sexa abordada de maneira solidaria e coordinada.
- As solucións de mobilidade non han de limitarse ao deseño de solucións dixitais de acceso á información. O obxectivo final non ha de ser chegar o máis rápido posible dun punto a outro, senón alcanzar o equilibrio entre tempos de percorrido, a calidade do tempo empregado, o consumo de enerxía consumida e a salubridade urbana resultante.

- Categorizar a mobilidade dende a raíz: o tránsito de persoas e o transporte motorizado, comparando sobre eles o modo e o grao en que cada tipo de circulación inflúe na organización territorial, na distribución espacial do tecido social e no tempo dispoñible para as relacións humanas.
- A mobilidade ha de ser pensada, en definitiva, para a mellora da vida das persoas desde o uso responsable dos medios de transporte.

Para a consecución destes obxectivos plantéxase formalizar a seguinte Proposta de Acción coordinada:

- Establecemento duns principios e criterios básicos de ordenación territorial para o conxunto do área metropolitana da Coruña que sirva de inicio de actuación coordinadas de planeamento urbanístico, a definir nos futuros PTI (plans territoriais integrados ou outros instrumentos supramunicipais de ordenación territorial, no marco da futura configuración legal da área metropolitana).
- Establecemento de actuacións coordinadas que faciliten a articulación da análise do territorio e a planificación territorial.
- Deseño dun plan metropolitano integral de transporte e mobilidade orientado a resolver os problema da cidadanía, sostible, respectuoso co medio e favorecedor do uso do transporte público.

C. Xestión de servizos: un enfoque metropolitano

Abórdase este punto a partir do suñado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que recoñece no seu articulado a posibilidade de crear, mediante lei do Parlamento de Galicia, áreas metropolitanas “integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisas a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras”.

Asúmese colectivamente que a devandita planificación e coordinación de servizos e obras debe integrarse na configuración xurídico-institucional da área metropolitana, o cal non impide que por parte dos concellos da área se poida ir avanzando nesa perspectiva de coordinación e integración supramunicipal de servizos, en especial en relación co ciclo ambiental da auga e os seus instrumentos de xestión (Emalcsa, Edar Bens) así como respecto

do tratamento e xestión de residuos (Planta de Nostían). Respeto deste último aspecto, e despois de diversas intervencións, plantéxase a necesidade de abordar conxuntamente (Concello da Coruña e Consorcio das Mariñas) o estudo e a análise conxunta da mellora e optimización do ciclo de xestión do lixo e, particularmente, da planta de tratamento de Nostian.

1. A proposta de obxectivos da acción mancomunada dos Concellos da área metropolitana sería, de xeito resumido a seguinte:

- **Asumir un compromiso real coa sustentabilidade, ambiental, económica e social**
- **Avaliación, análise e, no seu caso, adopción de medidas coordinadas a nivel de área metropolitana en relación cos servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e ao tratamento e xestión de residuos.**

D. Estratexia de Innovación da Coruña Metropolitana.

O Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, explica que a Unión Europea alenta aos Estados Membros a propiciar o crecemento intelixente, sustentable e integrador. Esta formulación require unha estratexia exhaustiva de innovación europea, tal e como se estableceu no documento “Unión pola Innovación”, publicado en 2010. Na devandita liña a Comisión Europea solicita ás autoridades nacionais e rexionais de toda Europa a preparación das súas respectivas estratexias de investigación e innovación para a especialización intelixente.

A Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020 (EECTI) constitúe o marco estratéxico para as políticas de I+D+i estatais e autonómicas e é o marco de referencia do POCInt 2014-2020.

No marco de Galicia, devanditos contidos preséntanse na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (referida como Estratexia RIS³ Galicia).

No ámbito local, o Concello da Coruña dispón dunha Axenda Dixital Local aliñada coas devanditas formulacións e un recoñecemento ou distinción como “Cidade da Ciencia e a Innovación 2012”, derivada das convocatorias creadas respecto diso polo MICINN en 2010.

É de interese municipal coadyuvar a desenvolver unha estratexia de actuación compartida por todos os axentes afectados no ámbito da área metropolitana da Coruña.

1. Para a consecución destes obxectivos o Alcalde da Coruña plantexa formalizar a seguinte Proposta de Acción coordinada:

Elaborar o “Libro Branco da Ciencia e a Innovación da Coruña Metropolitana” (“innovaCM”), como proxecto tractor do EIDUS-Coruña, para establecer unha estratexia de innovación, con actuacións ben definidas que axuden ao desenvolvemento dunha cultura innovadora e emprendedora en todos os seus ámbitos de actuación. Á devandita proposta dásele o prace por unanimidade dos asistentes.

- E. Proposta de conformación de mesas de traballo vencelladas a ámbitos estratéxicos de especial interese e dun instrumento de coordinación técnica de estratexia e desenvolvemento metropolitano.**

A proposta de obxectivos da acción mancomunada dos Concellos da área metropolitana sería, de xeito resumido a seguinte:

- a. Articular mesas de traballo estables que se configuren para desenvolver os obxectivos políticos acordados e establecidos nesta ou en sucesivas xuntanzas que se poidan realizar.
- b. Articular mecanismos de coordinación política e técnica para impulsar, garantir e avaliar o avance no obxectivos establecidos.

Para a consecución destes obxectivos plantéxase formalizar a seguinte Proposta de Acción coordinada:

1. Conformar Mesas de Traballo de:

- a. **Mesa da recuperación ambiental e da biodiversidade da Ría do Burgo.**
- b. **Mesa para a coordinación do planeamento urbanístico.**
- c. **Mesa do Plan Integral metropolitano de transporte e mobilidade.**
- d. **Mesa de Xestión de servizos : un enfoque metropolitano**

Cada Mesa estaría conformada por representantes designados polos Concellos implicados e rexeríase polos criterios establecidos no ámbito de coordinación política e técnica.



2. Instrumentos de coordinación.

Formúlase a proposta de que o Presidente do Consorcio das Mariñas e o Alcalde da Coruña se conformen como Comisión de Dirección e Seguimento dos traballos encomendados ás Mesas de Traballo realizando esta labor en representación do conxunto de Alcaldes e Alcaldesas do Área metropolitana da Coruña.

Para dar soporte técnico e garantir o axeitado seguimento dos traballos encomendados as Mesas de Traballo poderase conformar un “Equipo de Coordinación da Estratexia Metropolitana”, composto paritariamente por dous representantes designados polo Consorcio das Mariñas e dous polo Concello da Coruña.

Acadada a unanimidade neste punto, acordase que polo Concello da Coruña se remitirán escritos de convite a participar nas diferentes mesas o fin de que cada entidade designe representante/s. Do mesmo xeito procederase para a articulación do “Equipo de Coordinación da Estratexia Metropolitana”.

F. Rogos e Preguntas

Non se realizou intervención alguha neste apartado.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.40 horas. Dos acordos acadados damos proba de conformidade e asinamos.

**O Secretario do Concello de Abegondo
e do Consorcio das Mariñas,**

Fdo. Adrián Márquez Caramés

O Alcalde de A Coruña,

Fdo. Xulio Ferreiro Baamonde

O Concelleiro de Urbanismo de Cambre,

Fdo. Juan González Leirós

O Alcalde de Arteixo,

Fdo. Carlos Calvelo Martínez

A Alcaldesa de Bergondo,

Fdo. Alejandra Pérez Márquez

O Alcalde de Carral,

Fdo. José Luis Fernández Mouriño



O Alcalde de Culleredo,

Fdo. Julio Sacristán de Diego

O Alcalde de Sada,

Fdo. Óscar Benito Portela Fernández

O Alcalde de Oleiros,

Fdo. Angel García Seoane

